



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, para rexeitar a escolla **pola Autoridade Portuaria de Vigo do Parque Nacional das Illas Atlánticas, entre as illas de Ons e Sálvora para verter 148.000 toneladas de lodos contaminados.**

EXPOSICION DE MOTIVOS

As dársenas pesqueiras do Berbés en Vigo son o lugar onde se vertían, ata hai dez anos, cando se estreou a depuradora do Lagares, todas as augas residuais da cidade e o sitio onde seguen desaugando hoxe todas as empresas instaladas no porto, que aínda, en 2008, carecen de conexión coa rede de saneamento. Metais pesados, clorobifenilos, e hidrocarburos completan a mestura contaminante de alto contido en chumbo da zona, como revelan diversos estudos sobre a contaminación da ría, que coinciden en considerar este punto como o máis contaminado da ría viguesa. Este espazo preténdese dragar para trasladar a unha zona entre Sálvora e Ons as **148.000 toneladas de lodos contaminados resultantes da operación.**

Non é a primeira vez que a área entre Sálvora e Ons se utiliza como estercoiro. A Autoridade Portuaria de Vilagarcía depositou xa nese mesmo lugar 1,8 millóns de toneladas de lodos. E precisamente ese é o argumento de peso utilizado pola institución portuaria viguesa para xustificar a elección. Trátase ademais, din eles, dunha zona da ría “bastante externa”, polo que descartan a afección a zonas de baño e bancos marisqueiros.

Porén un investigador do Instituto de Investigacións Mariñas, pertencente ao Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) sinala que ***a súa vertedura (en Sálvora) provoca unha acción de dispersión polas correntes mariñas; non é un colector hermético que se deposita no fondo, senón un vertido directo que se dispersa nunha columna de auga en función das correntes.***

Diferentes colectivos ecoloxistas e confrarías teñen denunciado os prexuízos ambientais destes millóns de metros cúbicos de lodos, unha situación que veñen denunciando dende hai tempo, pero que agora cobra nova relevancia ao coñecerse o verquido de novos residuos industriais e químicos procedementos do porto vigués.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

A C O R D O :

- 1. Rexeitar o uso da boca da ría de Arousa como vertedoiro de residuos procedentes de Vigo ou doutra instalacións portuarias.**
- 2. Instar ao Porto de Vigo a buscar unha alternativa a este cemiterio de lodos contaminantes.**
- 3. Transmitir á Xunta de Galiza, á Consellaría de Medio Ambiente o rexeitamento e a preocupación por estas prácticas.**

Ribeira, 19 de setembro de 2008

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA